Visto o expediente de modificación orzamentaria número 44/2012 dirixido a declarar a indisponibilidade dos créditos resultantes da redución da paga extraordinaria de decembro do persoal municipal, consonte ao establecido no artigo 2. do R. Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo,

De conformidade co disposto nos artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; no artigos 18 e seguintes do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, e na demais normativa aplicable,

Visto o informe de Intervención de data 12-12-2012 incorporado ao expediente,

### ACORDAMOS

**PRIMEIRO:** Decláranse non dispoñibles, os créditos resultantes da redución da paga extraordinaria de decembro, por importe de 146.779,11 euros, cuxo desglose por aplicacións é o seguinte:

| APLICACIÓN   | DENOMINACIÓN  | IMPORTE /<br>€ |
|--------------|---|----------------|
| 132.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Policía Local                     | 19.705,84      |
| 132.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Policía Local          | 3.069,11       |
| 151.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Urbanismo                         | 9.527,37       |
| 151.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Urbanismo              | 3.805,79       |
| 161.1.120.10 | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Serv. Augas                       | 4.866,23       |
| 161.1.121.01 | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Serv. Augas            | 1.160,98       |
| 162.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Lixo e medio ambiente.            | 5.068,49       |
| 162.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Lixo e medio ambiente. | 1.174,13       |
| 165.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Alumado público                   | 3.133,02       |
| 165.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Alumado público        | 940,63         |
| 230.0.120.10 | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Serv. Soc. Xerais                 | 1.050,09       |
| 230.0.121.01 | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Serv. Soc. Xerais      | 228,21         |
| 320.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Educ. Básica                      | 4.448,32       |
| 320.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Educ. Básica           | 615,23         |
| 330.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Cultura                           | 1.266,57       |
| 330.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Cultura                | 335,85         |
| 340.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Deportes                          | 1.706,96       |
| 340.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Deportes               | 493,78         |
| 431.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Plaza de Abastos                  | 1.103,28       |
| 431.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Plaza de Abastos       | 352,29         |
| 450.0.120.10 | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Vías Públicas                     | 2.100,87       |
| 450.0.121.01 | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Vías Públicas          | 527,02         |
| 920.0.120.10 | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Ad. Xeral                         | 10.785,08      |

|              |   |            |
|--------------|---|------------|
| 920.0.121.01 | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Ad. Xeral            | 3.775,25   |
| 920.1.120.10 | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Arquivo                         | 1.479,60   |
| 920.1.121.01 | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Arquivo              | 612,42     |
| 930.120.10   | Retrib. Básicas. Persoal Funcionario. Serv. Económicos                | 14.715,14  |
| 930.121.01   | Retrib. Complem. Específico Persoal Funcionario. Serv. Económicos     | 5.824,38   |
| 134.130.00   | Retribucións. Persoal laboral fixo. Protecc. Civil.                   | 2.048,59   |
| 230.0.130.00 | Retribucións. Persoal laboral fixo. Serv. Sociais                     | 5.304,45   |
| 320.130.00   | Retribucións. Persoal laboral fixo. Educación Básica .                | 982,77     |
| 323.0.130.00 | Retribucións. Persoal laboral fixo. Gardería municipal.               | 1.672,33   |
| 324.0.130.00 | Retrib. Persoal laboral fixo. Conservatorio de Música                 | 10.371,11  |
| 330.130.00   | Retribucións. Persoal laboral fixo. Cultura.                          | 1.637,98   |
| 340.130.00   | Retrib. Persoal laboral fixo discontinuo. Deportes                    | 664,96     |
| 920.0.130.00 | Retribucións. Persoal laboral fixo. Ad. Xeral.                        | 848,57     |
| 924.1.130.00 | Retribucións. Persoal laboral fixo. Omix.                             | 1.214,15   |
| 930.130.00   | Retribucións. Persoal laboral fixo. Serv. Económicos.                 | 2.883,76   |
| 912.110.00   | Retrib. Persoal de confianza e asesoramento especial                  | 4.328,66   |
| 151.131.00   | Retribucións persoal laboral temporal. Urbanismo                      | 3.454,12   |
| 230.0.131.00 | Retribucións persoal laboral temporal. Servicios sociais xerais       | 1.494,03   |
| 232.1.131.00 | Retribucións persoal laboral temporal. Drogodependencias              | 1.347,03   |
| 232.4.131.00 | Retribucións persoal laboral temporal. Centro de Información á Muller | 402,96     |
| 330.131.00   | Retribucións persoal laboral temporal. Cultura                        | 159,01     |
| 340.131.00   | Retribucións persoal laboral temporal. Deportes                       | 669,60     |
| 927.131.00   | Retribucións persoal laboral temporal. Departamento informática       | 2.274,25   |
| 930.131.00   | Retribucións persoal laboral temporal. Servicios económicos           | 1.148,85   |
| TOTAL        |   | 146.779,11 |

SEGUNDO: Este expediente de modificación do orzamento, que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

***Sr. Alcalde:** Algunha outra moción de urxencia? Pois se non hai ningunha máis moción de urxencia pasamos á parte de control da xestión, co punto numero catro: dación de contas de resolucións da alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2012, ámbolos dous incluídos. E o punto numero cinco: rogos e preguntas. Ten a palabra, Sra. Louzao.*

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE OUTUBRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2012.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

***Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben, gustaríanos facer algunha preguntas. Entre elas unha que vai, pois precisamente no control desta xestión que está a facer o Partido Popular na Alcaldía da Estrada. Posto que seguramente lembran que temos presentado por rexistro desde o mes de novembro unha moción na que se pedía un acordo para rexeitar, para que o Estado procedera a retirar o proxecto de Lei de taxas. Como ben é sabido, este proxecto, esta Lei de taxas ten xerado a oposición de tódolos sectores. Agora mesmo xuíces, procuradores, avogados, a cidadanía, o que é máis importante, os cidadáns, todo o mundo está contra este proxecto de Lei de taxas, proxecto que entra en vigor, taxas que obrigan a que aqueles que cobran pouco menos de mil euros teñan pechadas pouco que menos as portas da xustiza, posto que terán que pagar para que un xuíz os defenda e esixir os seus dereitos, defender os seus intereses lexítimos. Dende o grupo socialista rexistramos esta moción posto que buscabamos o consenso de todas as forzas desta corporación municipal, O consenso para que o pleno da Estrada mostrase o rexeitamento a este proxecto de taxas que vulnera os dereitos fundamentais da tutela xudicial e efectiva e o principio de igualdade entre os cidadáns. É máis, é unha Lei que prexudica gravemente á Estrada e á súa comarca, porque non esquezamos, os xulgados da Estrada están aí e os avogados, os procuradores, todos, tanto Forcarei como Cerdedo veñen á Estrada. Iso ten unha repercusión económica para A Estrada, para a nosa hostalería, para os nosos comercios. Dende logo, insistimos que esta moción se leve adiante, se trate en pleno. E preguntamos hoxe aquí ó Sr. Alcalde-Presidente desta corporación se se vai a ter en conta esta moción, se se vai a tratar de buscar un acordo co resto da corporación para rexeitar e polo tanto defender os intereses dos nosos veciños e veciñas, ademais dos intereses dos profesionais do mundo xudicial.*

***Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas. Pois como ben dicía, nós entendemos tamén que existe unha preocupación social en relación a esta Lei. Entendemos e comprendemos ademais que sexa mellorada. Entendemos que ten unha marxe de mellora, pero como ben sabe no que respecta ó ámbito municipal, as nosas competencias nesta materia son nulas, e entendemos que o Concello da Estrada xa se posicionou, o pleno do Concello da Estrada, os 21 concelleiros nos posicionamos unánimemente no pasado mes de outubro, creo recordar, no pleno de outubro, onde fixemos un posicionamento claro en relación á reforma da planta xudicial en contra da reforma proposta ou do Tribunal Supremo (me parece recordar que era o que fixera a proposta) e en contra desa proposta da reforma da planta xudicial e en contra dese borrador da Lei de taxas. Eu creo que ese posicionamento quedou claro e explícito nunha sesión plenaria e polo tanto, non por ser máis reiterativos entendemos que*



vaíamos a ter máis éxito nesa cuestión. Eu creo que xa estivo debatido, xa foi levado a pleno, xa foi apoiado de forma unánime polos tres grupos políticos que formamos parte da corporación municipal, e polo tanto parece que non ten moito sentido estar reiterando constantemente as mesmas mocións sobre o mesmo asunto. Pero bueno, en todo caso non hai ningún tipo de problema se entenden que algo cambiou ou algunha postura non quedou clara; eu creo que foi clara e contundente pero valoraríamos nos próximos días nunha xunta de portavoces ou de calquera outra forma estudar esta moción. Eu entendo e creo que este goberno entende que este tema esta o suficientemente debatido e está claro o posicionamento e todos. Ademais, igual que no tema do sector lácteo, todos coincidimos basicamente no fondo e na forma e entendemos que é mellorable esta lei e que non estamos de acordo coa reforma da planta xudicial tal cal foi proposta, e lle demandamos ó goberno, tanto da Xunta de Galicia como ó Goberno Central que, se tendo en conta que entendiamos que tiña que haber unha reformulación, non estabamos dacordo coa proposta. Estabamos dacordo que A Estrada siga mantendo, por suposto, o partido xudicial e que se reorganice (é unha posibilidade) en torno a este Concello e en torno ás infraestruturas xudiciais que ten este Concello.

**Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben. Vostede dicía que nos tiñamos pronunciado. Efectivamente, nos temos pronunciado en contra da reforma de Lei de planta xudicial e pediamos a retirada do borrador. Sen embargo, como todos sabemos esa lei si entrou en vigor, esas taxas si se van aplicar; é máis, está aprobada a súa aplicación, non se están aplicando por un efecto burocrático, vamos a chamarlle así. Polo tanto, pensamos, cremos que non está de mais pedir a retirada, e pedir que se deixe en suspenso a aplicación desta lei posto que prexudica claramente ós veciños e ás veciñas. Polo tanto, mantemos a nosa moción e agardamos que se trate e se poida levar adiante.

Como dicía tamén o Sr. Alcalde, hoxe parece que estamos de acordo, estamos de acordo coa defensa do sector agrogandeiro, sector fundamental para A Estrada, estamos de acordo coa defensa do partido xudicial da Estrada, coa postura ante a Lei de taxas e supoño que tamén todos estaremos de acordo cun plan de apoio ó comercio local e de estímulo ó consumo e de apoio ás familias. Tamén no mes de setembro, por rexistro rexistramos outra moción na que propoñiamos un plan de aprobación de apoio ó comercio e de aprobación de políticas de estímulo ó consumo local. Solicitabamos a convocatoria dunha Mesa de Comercio aos efectos de elaborar e deseñar este plan. Vemos pola prensa que o goberno unha vez máis en solitario está facendo anuncios en prensa. Non sabemos o que hai de realidade ou non, queremos saber se se vai a ter en conta esta proposta que facía o Partido Socialista a través de mocións, se se vai a convocar a Mesa de Comercio para que todos poidamos opinar e analizar como está a situación actualmente e poñer propostas encima da mesa, ou se o goberno vai a decidir actuar en solitario.

**Sr. Alcalde:** Pois si que, efectivamente, hoxe é o día de coincidir en debates que sobre todo creo que nos unen os nosos puntos de vista e creo que iso está ben. Para A Estrada, sector lácteo ou sector gandeiro, sector primario e desde logo o sector comercial, desde logo son fundamentais para o mantemento da nosa economía. De feito, creo que os presupostos do ano 2012 fixeron un esforzo en materia de apoio ó comercio, un esforzo limitado porque, como ben saben (e agora que está tan de moda o debate sobre as competencias propias e impropias), saben vostedes que esa non é unha competencia propia dos gobernos locais, dos concellos; pero aínda así, a Xunta de Galicia a través das súas liñas de apoio ó comercio está aportando en torno a 50.000 euros de apoio á Asociación dos Comerciantes da Estrada. E o goberno local tamén fixo un esforzo nos orzamentos do ano 2012 que se vai a multiplicar nos orzamentos do ano 2013, non só no comercio se non no Plan de emprendedores que se deseñou no orzamento do ano pasado; que foi, creo que un gran éxito pola súa participación, pola participación de persoas emprendedoras que quixeron poñer en marcha o seu negocio ó abeiro, apoiados e incentivados por este plan; que este ano 2013 nos orzamentos incrementará tamén a súa partida, e na medida das nosa posibilidades estamos intentando facer un esforzo. Tamén se vai a incrementar o apoio á Fundación de Exposicións e Congresos, ó seu traballo de apoio á comercialización do sector do moble e da madeira. Vamos intentar tamén incrementar o noso apoio nos orzamentos do 2013 á

*Asociación de Fabricantes e Comerciantes do Moble para que poidan levar o seu produto a algunha feira nacional ou internacional. Queremos poñer o noso grao de area, pero como ben sabe, todo ese esforzo (e agora que se está falando da reforma de Lei de Bases de Réxime Local e a súa entrada en vigor no próximo ano) vai en contra das políticas que se van a poñer en marcha no ano 2013; no que nos teremos que centrar realmente en aquelas políticas que sexan competencia exclusiva das administracións locais. En ese eido, nós pretendemos seguir apoiando o servizo produtivo, a nosa implicación e a nosa complicidade a ten o sector comercial. E ademais, no único que non coincido ou empezo xa a non coincidir co Partido Socialista é que o goberno este aplicando estas medidas en solitario. Iso é moito dicir, este goberno está aplicando estas medidas saídas das múltiples reunións que o propio concelleiro de Industria e Comercio e representantes deste goberno están mantendo co tecido produtivo, cos sectores produtivos, cos sectores de asociacións de fabricantes e comerciantes do moble, de asociacións de comerciantes da Estrada; en definitiva, estase facendo un traballo intenso de coordinación e cooperación. De feito, neste Nadal se vai a traballar conxuntamente de forma intensa co comercio local e todas esas liñas de apoio nacen dese consenso e desa colaboración e dese traballo. Se verá reflexado na medida das nosas posibilidades orzamentarias, no orzamento do 2013. O que si lle podó dicir e que se vai incrementar, xa no 2012 se incrementou ese apoio con respecto ós orzamentos anteriores, e no 2013 se vai incrementar todavía máis con respecto ó exercicio 2012. Polo tanto, o noso compromiso se demostra orzamentariamente e con proxectos e iniciativas que se están facendo de forma decidida. Se vostedes teñen algunha aportación que facer, espero que durante este mes teñen a posibilidade de facelo a través dos orzamentos do ano 2013 e no debate que se producirá na Mesa Local de Comercio cando se convoque e se realice e tamén, que ademais como ben sabe vostede non foi creada en distinto senso para este tema, para o tema orzamentario pero o podemos ver ou o podemos ver a través do Consello Económico Social e nas Comisións que se van a convocar para a aprobación do orzamento, pero espero e xa lle digo, será o largo deste mes e se poderá aprobar no ano 2012.*

**Sra. Louzao Vieites do PSdG-PSOE:** *Ben, pois en relación ás súas palabras, se vostede viu a nosa moción xa vería que precisamente a Mesa de Comercio que vostede dicía que non fora creada en distintos sentidos para os temas orzamentarios pois entendiamos que era o órgano no que falar e poñer en común este plan. Pero bueno, vemos que vostede decide seguir coa súa liña e efectivamente cando vostedes decidan convocar esa Mesa de Comercio poderemos falar e non só coñecer as opinións do sector, senón non analizar e traballar sobre as propostas que se poden poñer enriba da mesa. Polo tanto, rogamos se convoque a mesa canto antes.*

*Nos gustaría facer chegar outra pregunta antes de facer algún rogo, achegar unha pregunta que nos fixeron chegar fai un momento, unha pregunta que ven ante unha preocupación que os veciños e as veciñas teñen ante un tema que xa tratamos neste pleno en múltiples ocasións, como é o corte da luz pública que se está a producir no rural en distintos puntos do noso concello. Concretamente, os veciños que nos facían chegar esta preocupación nos preguntaban pola situación, polas directrices que se dan para cortar ou non cortar, polos criterios que se utilizan, e se existe algún criterio ou non acerca das luces que alumean toda a noite en distintos sectores, como poden ser cemiterios ou outros lugares da cidade, concretamente, campos de festa e demais; concretamente nos preguntaban polas luces do cemiterio da Estrada ou de cemiterios parroquiales, quen se encarga de vixiar de si funcionan ou non funcionan, de si todas son públicas ou si están enganchadas ou non ó alumeado do concello?*

**Sr. Alcalde:** *Bueno, iso é unha pregunta complexa. O que está claro, non hai (e o esforzo que se pediu ós veciños se rematou xa), non hai ningunha decisión tomada nin ningunha política posta en marcha de apagado de luces, o esforzo que se tivo que pedir xa fai uns meses que se rematou. Pode haber algunha deficiencia ou algunha corrección que se este facendo de forma puntual, pero como se viña facendo ordinariamente nos últimos anos. No que respecta ós espazos públicos, intentouse preservar aqueles ámbitos onde podía haber máis tránsito de persoas, tanto nas parroquias como no entorno das igrexas, no entorno dos*

cemiterios, nos campos da festa, sempre e cando non estiveran alonxados do grupo de poboación. Pretendeuse manter eses servizos básicos, que entendo que son servizos públicos, son servizos que presta o concello. Descoñezo concretamente o caso do cemiterio da Estrada, pero bueno, entendo que, neste caso si estará alumeado con alumeado público como calquera outro que haxa no Concello da Estrada. Pero, en principio, como xa lle dicía, a política foi pensando nese aforro que mes a mes nos ven confirmando a factura de Fenosa e que se viu rebaixada dunha forma importante. En certa medida nos están dando a razón a esa petición de esforzo que lle pedimos a tódolos veciños. Creo que foi unha medida difícil de tomar pero que agora mesmo está aceptada e que creo ademais que está aportando o seu retorno ó Concello deste aforro enerxético. Que lle quero dicir, por darlle un dato, que no pasado mes, a última facturación que temos me parece que ascendeu a 140.000 euros, 132.000 euros, estamos falando de cifras importantísimas nuns orzamentos que cada vez van a menos, por desgraza. Polo tanto, nos vemos na obriga de facer isto que, de feito, na Estrada xa está feito e noutros moitos concellos estamos vendo na prensa tódolos días que están empezando a facer cortes en puntos de luz, nalgún caso no 50% das luces que existen no rural. Neste caso foi moitísimo menos o que se pediu, e eu creo que o esforzo comparado coa realidade ó final é un esforzo satisfactorio, e eu llo quero agradecer unha vez máis a tódolos veciños.

**Sra. Louzao-Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben, como temos dito noutras ocasións, non compartimos esa política de cortes de luz no rural posto, que existen zonas nas que realmente se están deixando en escuridade e os veciños teñen tamén dereito a este servizo que para iso pagan os seus impostos.

Gustaríanos facer agora un par de rogos, un deles é que se nos achegue desde a Alcaldía as contas con reparos formulados pola Intervención Municipal, da relación de contas 52/2012, posto que podemos ver na Acta de Xunta de Goberno que os 119.000 euros levaron reparo e non sabemos a que corresponden estas contas, non se nos achegou esa relación, así como o punto 17 da mesma Acta da Xunta de Goberno, tamén doutra relación de facturas, da 53 que non se nos achega. Rogamos que se nos achegue para poder fiscalizar o traballo do goberno.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Ten a palabra, Sr. Espiño.

**Sr. Otero Espiño, do PSdG-PSOE:** Un rogo que nos fan chegar pais e nais do colexio de Oca, referidos ó transporte escolar, en concreto o transporte que realiza a empresa García, que na primeira parada de As Carballas, que é onde agarda o inicio da recollida dos rapaces, alí hai un restaurante (por sorte, un dos poucos restaurantes que aínda funcionan ben naquel ámbito), pero evidentemente un aparcamento de coches e sobre todo de camións obstaculiza o feito de que o autobús poida meterse á dereita no arcén ou no terreo habilitado para a parada do bus escolar. Co cal non sei cal sería a mellor solución que se podería adoptar alí, pero penso que polo menos colocar un sinal de parada de bus escolar e xestionar ante Fomento, hai unha especie de desnivel entre o asfaltado e o terreo digamos árido que está alí, que se puidera rechear para que o coche puidera desviarse á dereita e evitar con isto o perigo na Nacional 525 e, desde logo, que o coche tivera a garantía de poder aparcar fóra para poder coller con seguridade ós chiquillos desta parada. A parada de As Carballas, ó lado do restaurante As Camelias. E mellorar un pouquiño o entorno do caseto non estaría mal.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas grazas, Sr. Espiño. Algunha outra intervención por parte do Partido Socialista. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Comunicóuselle ó propietario dunha casa en Rial - Guimarei que é lindeira ó antigo camiño que unía a Torre de Guimarei co Castro de Rial para que proceda a retirar diversos restos de podas e cultivos (que a veces son máis voluminosos estes residuos), os cales obstrúen o acceso de maquinaria a este camiño? É un camiño no lugar de Rial, estes entullos están no antigo camiño que vai da Torre de

Guimarei ó Castro, era se se lle comunicara ó veciño para que proceda á limpeza deste camiño.

**Sr. Alcalde:** Si, si, creo recordar. Este é un tema que levaba o concelleiro Nemesio Rey pero si se procedeu a solicitar previa solicitude dun veciño que creo que, falo de memoria, creo que adquiriu unha propiedade no entorno desa zona, que pedía (e aparte así estaba recollido por toda a documentación dos planos de concentración parcelaria) que era un camiño público e que se solicitaba que se lle deixase paso para a súa propiedade posto que, polo que se indicaba alí, polo que aparecía na planimetría, era o único acceso que tiña a súa vivenda.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** E que segue sen limpar este camiño. Fun concretamente antes de onte por alí a comprobalo e efectivamente está sen limpar. Pois comunicarlle que se limpe.

**Sr. Alcalde:** De feito, creo que houbo algún persoal do Concello que se acercou ata alí; limpouse unha parte do camiño

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Polo que me informaron alí algúns veciños a persoa pensa que é a propietaria a que...

**Sr. Alcalde:** E que aí hai un problema, xa non só da propietaria, se non da familia, que entenden que ese camiño é privado cando tódolos planos e toda a documentación aportada indican claramente que é un camiño público, e ademais o único acceso que ten esa vivenda. Si foi persoal municipal e nos consta que ós dous días volvía a haber entullos e restos de maleza outra vez no camiño. E ó final ten que haber un acordo; se non o Concello terá que tomar algunha decisión en relación á recuperación dese camiño de titularidade pública.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Noutros plenos téñolle comunicado da existencia dun vertedoiro en San Xulián de Veá, e a día de hoxe este vertedoiro continúa e ademais está aumentando día a día. Por que non se limpa este vertedoiro (en vez de vertedoiro habería que dicir unha chatarrería)?

**Sr. Alcalde:** En San Xulián de Veá, temos xa nota, parece que xa foron os medios de recollida que están facendo a limpeza de vertedoiros incontrolados e se achegaron xa polo menos nunha ocasión alí, pero entendo que ó final haberá que apelar á conciencia cidadana, porque o que non podemos é estar (xa nos pasou en máis ocasións) facer a limpeza dun vertedoiro e, xa non de agora, se non de fai tempo, e parece que son zonas de fácil acceso e escondidas, son zonas bastante cómodas para poder verter e nos xenera bastantes problemas. Pero tomaremos nota e volveremos a enviar alí ó persoal para que proceda á súa limpeza.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Polo que me comunican veciños desta zona, é que están utilizando certas persoas este espazo como chatarrería para facer negocio. Entón aí pode haber algún problema máis grave que un simple residuo, porque probablemente se estén depositando alí aceites e certos materiais tóxicos e perigosos que haberá que tomar certas medidas con estes cidadáns pouco cívicos.

Outra pregunta, se é certo o que estes días se pode observar na prensa local de que o Concello baralla a posibilidade de situar a oficina de NovaCaixaGalicia no centro de saúde de Souto de Veá.?

**Sr. Alcalde:** Sabe vostede que este goberno tivo coñecemento do peche da oficina de Souto de Veá, unha decisión tomada por esa entidade financeira, NovaGaliciaBanco, e tan pronto tivemos coñecemento desa situación alí, estivemos falando cos responsables ós que eu, polo menos, publicamente llo dixen e teño que agradecer, a súa sensibilidade porque sei que a situación é moi complexa e a decisión si ou si o estamos vendo estes días coa reestruturación que teñen que facer a nivel de plantilla e coa reorganización que teñen que

facen a nivel administrativo e de oficinas (teñen que pechar 30 oficinas este ano e o ano que ven en torno a 200 oficinas máis). Esa é a realidade, e a decisión empresarial está tomada. O que si é digno de agradecer é a sensibilidade para que esa decisión fose o menos traumática posible. A oficina, a dirección do banco nunha reunión na que estaba o Xefe Territorial e o Xefe de Zona, nos trasladou a posibilidade de ver distintas alternativas, como ben sabe vostede: a posibilidade dunha oficina móbil, un axente independente pero que xestionase os recursos da propia entidade, o mantemento da oficina en días alternativos... e nesa liña se plantexaron varias opcións que se están estudando, unha delas é a posible ubicación no centro de saúde, como outras moitas que pode haber, onde o banco está tentando buscar a xustificación para poder manter a oficina sen que lle supoña un custe inasumible e que iso lle obrigue a pechar a oficina. Foi unha alternativa máis que se valorou, que se estivo vendo o pasado luns e que, desde logo, lle podo garantir que non hai nada decidido nin nada pechado; e o único obxectivo que nos move a todos aquí, creo que a todos, é que ese servizo que presta esa propiedade privada (aínda que moita xente pense que é un servizo público e de proximidade) pois se segue mantendo na zona de Veá. Creo que ese é o obxectivo que nos une a todos e este goberno non tomará ningunha decisión que supoña un problema, un quebranto, nin para a entidade, nin para os veciños, nin para o Concello. Polo tanto, pode estar vostede tranquilo, que estamos vendo tódalas posibilidades que existen e ó final esperemos que a entidade acceda a manter o servizo en Souto de Veá, que é o que todos aspiramos. Polo tanto, o tema do Centro de Saúde non pasa de ser unha alternativa que se estudou, e que posiblemente a día de hoxe non sexa a principal alternativa que se está barallando.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Esperemos, porque si é certo calquera outra tiña que ter dereito a usar este tipo de espazos públicos para desenrolar as súas actividades privadas.

**Sr. Alcalde:** En ese tema eu teño que dicirlle que, calquera outro negocio que reúne en torno a 1.000 firmas de veciños da zona de Veá e que solicitan que o Concello interceda para que se manteña un servizo privado. Eu a vostede non o vin alí nin a outros representantes políticos o día da manifestación, e si había unha sensibilidade moi especial por parte dos veciños para que os políticos fixésemos o que fose posible para que a oficina se mantivese alí. E polo tanto eu, dentro desa posibilidade de facer o posible e o imposible, dentro de algo que, repito, nin é competencia nin é responsabilidade do goberno local, pero como goberno tiñamos que estar alí e intentar buscarlle unha solución. Despois ó final quen ten que tomar a decisión é a entidade financeira, que é unha entidade privada, entidade que vai a mirar a súa rendibilidade e vai a mirar as condicións que lle poñen da Unión Europea e o Banco de España. Polo tanto, pouco podemos facer. O que si, darlle mostras de que estamos a disposición de calquera solución que sexa posible, e sobre todo porque eu percibín, ó mellor estou equivocado, e ó mellor vostede percibe outra cousa, pero eu percibín unha certa inquietude social en toda a zona de Veá polo mantemento dese servizo que, como dixen antes, aínda que sexa un servizo privado a xente o entende e o interpreta desde fai de 30 anos como un servizo público e, polo tanto, así o fixeron chegar. E o goberno está poñendo todo, o posible e o imposible, por manter ese servizo. Non se preocupe, que se hai algunha posibilidade de que se quede lle buscaremos a solución máis axeitada.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** E seguindo co mesmo Centro Médico, sabe o Concello cando ten pensado a Xunta iniciar as obras para o paso subterráneo a este Centro Médico, que permita eliminar o perigo certo de atropelo que presenta o acceso a estas instalacións?.

**Sr. Alcalde:** Si, sabemos que o proxecto está redactado e feito, e é un tema orzamentario que esperemos que se resolva cos próximos orzamentos da Xunta de Galicia, que se aprobarán, entendo que a finais deste mes ou a principios do mes que ven. É un tema prioritario e temos tres proxectos que están algo retrasados (máis do que a nós nos gustaría) que máis ou menos se iniciaron no mesmo momento, que son o arranxo do tramo autonómico da estrada Orosa a Orazo, a regulación do tráfico e aparcadoiros no entorno da gardería infantil, e o paso soterrado no Centro Médico de Souto de Veá. Son estas as

actuacións que se iniciaron dunha forma simultánea, que están avanzadas en canto á tramitación administrativa e que agora temos que intentar conseguir orzamentariamente os recursos para poder acometelas. Estamos falando de actuacións que entre todas van rolando os 400.000 euros, que neste momento son momentos de estreitez económica e nos custa mobilizar estes recursos, pero estou convencido de que os conseguiremos.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Un par de rogos: un é que se mellore a iluminación á zona deportiva que presenta importantes carencias e que implica un perigo serio para as persoas que realizan deporte nesta área, entre elas este concelleiro; entón, a ver se van a quedar sen min aí. Bromas aparte, sobre todo na rotonda é un punto completamente cego, na curva da Fundación e na zona do Pavillón xa temos falado moitas veces os que por alí nos movemos; aparte, claro está (xa temos falado moitas veces neste pleno) dos que lles gusta emular a Fernando Alonso nesa zona. Isto de facer deporte non é nada sano. E o último rogo é que este pleno lle transmita as súas felicitacións á atleta estradense Carmen Estrariz, que se proclamou este fin de semana campiona de España da categoría de cadete de marcha.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, creo que é unha boa noticia e creo que todos estaremos de acordo en que consten en acta esta felicitación por parte da corporación municipal a ese logro deportivo. E eu tamén me gustaría acordarme nesta faceta de logros, do noso sumiller Nacho Costoya que participou no campionato nacional de sumilleres e quedou entre os dez primeiros (de número oito); e tamén o recoñecemento a unha persoa que foi campión de España e participou no campionato do mundo do noso país, e ogallá que a parte final dos plenos sexa tódolos meses con este tipo de recoñecementos e boas noticias, que iso será importante para todos.

Algún rogo ou algunha pregunta máis? Pois se non hai ningunha antes de pechar o pleno pasamos á parte de participación pública. Non sei se alguén dos presentes quere facer algún rogo ou algunha pregunta que sexa de interese. Ten que identificarse co DNI.

**Sr. José Manuel Valladares Bugallo:** Visto que teño xa pedido cita con vostede, teño reclamadas varias veces as cousas que están pasando en San Miguel de Castro, hai catro meses que pedín unha cita para que vostede pasara por San Miguel de Castro co concelleiro do Rural e máis co perito técnico para ver as anomalías que quedaron a consecuencia das obras do AVE. Primeiramente, un Concello non pode dar autorización a unha empresa cando os cidadáns non temos un acceso digno ás nosas vivendas, onde non se mirou polo Medio Ambiente, vostedes non controlaron nada que esas empresas que traballaron para o AVE nos meteron un vertedoiro onde deixaron formigón, produtos químicos e outras anomalías máis, destruíndo a nosa natureza; onde nós, os labregos, por cortar un árbol da nosa propiedade, por protexer as nosas propiedades, recibimos ameazas do concello como esta que recibiu meu pai: que se non abre o paso dentro de dez días será presentado polas persoas responsables do concello ata con 670 € de multa. Pero hai catro meses que estou pedindo por clemencia que pasen, porque estamos sen unha auga de regadío, quedaron os pozos que tiñamos de regadío desfeitos, quedaron vías de comunicación sen acceso, e ata o día de hoxe non teño ningunha resposta, ameazas. E incluso tamén do transporte escolar que se chama a ESO, onde fun vítima coas miñas fillas que tiveron que denunciar ó Presidente da Xunta onde ata o día de hoxe non teño xustiza gratuita e á Conselleira de Educación lle presentei as queixas, non se fai nada neste país. Eu veño de países de fóra, nunca tiveron os problemas que están pasando aquí, estamos no ano 2012, pero eu fóra, no estranxeiro, eu tiveron que estudar en Francia, tiveron que sacar a ESO outra vez aquí onde a tiña xa de Francia e aquí non funciona nada. Estamos cun 30% neste municipio onde vostede dixo que ía baixar o paro. Neses parados me encontro eu que pedín un traballo digno, pedín unha vivenda digna porque se non fora por meu pai estaría na calle, como ese señor que hai un mes que morreu fóra. Eu o que pido a tódolos políticos e a ver se cambiamos un pouco e poñemos un pouco máis de forza para cambiar as cousas. Moitas grazas.

*Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas. Tomamos nota das súas reivindicacións e agradecemoslle a súa intervención. Algunha outra intervención do público asistente? Pois se non hai ningunha intervención máis, agradecéndonlles a súa presenza nesta sesión plenaria, que teñan boa noite.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.

A Estrada, 13 de decembro de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González



